

O CASINO

BOLETÍN INFORMATIVO DA ASOCIACIÓN CULTURAL SAN MARTIÑO DE COUSO

Limiar

Neste ano que rematou *O Casino* só saiu no primeiro cuadrimestre. Distintos factores están a facer mella no noso ánimo para plantexar actividades. Por unha banda, hai máis de dous anos que non recibimos subvencións públicas para as actividades ordinarias da Asociación Cultural, o que limita as nosas posibilidades de facer propostas. Por outra banda, as últimas directivas non contaron coa renovación necesaria, quedando 2 e 3 postos sen cubrir, e os que quedamos xa levamos varios anos seguidos. A nosa supervivencia como asociación pasa por facer colaboracións (na directiva ou fora dela) máis intensivas, con dous ou tres anos de dedicación, tendo despois a garantía de que pasarán outros e, ao cabo dun tempo, poderán volver aqueles que xa estiveron e volver a empezar o ciclo. Senón é así é imposible adicarlle de forma sostida o tempo que a organización require, a maiores do que requiren os nosos traballos, familias e resto de actividades que levamos a cabo. Por iso, unha vez máis reclamamos maior participación de todos na organización das actividades. Tampouco é necesario ser da directiva para participar: pódense levar a cabo colaboracións puntuais en temas ou períodos concretos nos que temos algo que aportar.

Non obstante, un dos nosos obxectivos é recuperar a periodicidade de *O Casino*, así como reactivar a nosa esquecida páxina web.

Aínda así, e grazas o traballo dunhas poucas persoas, que voluntariamente adican boa parte do seu tempo libre ás tarefas da Cultural, fóronse organizando tódalas festividades tradicionais en Couso (mallada, San Martiño, O Pote,

Entroido,...), e algunha máis que foi xurdindo.

Tamén rematamos, xunto cos nosos veciños de Cans, Picoña e San Xurxo, o Sendeiro PRG-132, polos Montes de San Cibrán, que foi inaugurado en xullo, e xa é unha realidade que pon en valor o noso patrimonio, especialmente os diferentes grupos de muíños, pero tamén a paisaxe, o patrimonio etnográfico, a natureza, a xeoloxía, a vexetación, etc. do percorrido.

Finalmente, agradecer a todas as persoas que colaboraron nestes proxectos, pouco ou moito, a súa participación.




Neste exemplar:

- | | |
|-----------|--|
| 1 | Limiar |
| 2 | Programación trimestral |
| 3 | Entroido Couso 2011 (por Belén Groba Represas) |
| 4 | Memoria do grupo de teatro (por Caty Carballido) |
| 11 | Festa do Pote (por Pablo Carballido) |
| 12 | Actividades realizadas |

PROGRAMACIÓN CULTURAL

3º TRIMESTRE 2011

Festival de Nadal



Representación xa tradicional no noso contorno

Sábado, 9 de xaneiro, a partir das 16:30 horas

Entroido




Nos esperan concursos de disfraces e charangas

Domingo, 13 de febreiro, en Couso, hora por determinar

Domingo, data e hora por determinar, en Guláns

Sendeiro polos Montes de San Cibrán



Un ano máis poremos os potes a funcionar para destilar augardente de primeira calidade.

Data a determinar no outono


CARNAVAL COUSO 2011

Como ven sendo habitual, o día de carnaval fíxose na Cultural de Couso a típica festa de disfraces onde participaron dende os cativos ata os que xa non o son tanto. Princesas, sevillanas, paiaos, piratas, unha parella de mexicanos, una familia de "hippies", e ata algún que outro travelo foron algúns dos que desfilaron pola cultural. Como non podía ser doutra maneira, merendamos todos xuntos con produtos típicos como as filloas e as orellas e fíxemos o sorteo dos premios; un para os maiores e outro para os pequenos, quedando como gañadores: Na categoría dos maiores: - Tonio Giraldez Represas. Na categoría de pequenos: - Beza Carballido Carballido



Por outra banda, como a nos nos gusta andar metidos en todo, o domingo seguinte fomos participar a Guláns ao concurso de comparsas. O tema da nosa comparsa era "A xubilación na reforma laboral" que pretendía ser una sátira a iso der ter que traballar ata case os 70. A participación foi moi boa, xa que o número dos que iamos na comparsa superaba os 10, e entre eles estaba o noso futuro, que non pode ser

outro que os cativos... Os nervios xogaron alguna que outra mala pasada, como por exemplo Piño que tiña tantas ganas de acabar que empezou coa súa parte antes de que Angel o presentara, pero bueno son cousas do directo.




E como a unión fai a forza, todos xuntos conseguimos facernos co terceiro premio, que máis que un premio foi un impulso para animarnos a seguir facendo cousas en común, xa que desta forma, conseguiremos que a vida cotia de cada día e o individualismo o que estamos acostumados non nos distancien aínda máis. Por iso anímovos a todos a que participedes nas actividades que se levan a cabo tanto no entroido como en calquera outra, porque, o final, o ben que o pasamos sempre compensa.

Belén Groba Represas



MEMORIA DO GRUPO DE TEATRO "SAN MARTIÑO DE COUSO"

O grupo de teatro "San Martiño de Couso" ten nas súas orixes, ano 1999,diversas curiosidades, así nun primeiro momento este grupo xurdiu pola idea de que nos atopamos nun barrio pequeno, no que os cativos non tiñan moitos recursos con que entreterse. Comezamos así a ensaiar pequenas obras de teatro, e algún playbags, así como a facer un noticieiro coas novas do ano no barrio.



Dita idea xurdiu por parte dunha persoa (Montse Groba) que nese intre estaba estudando "Educación social" e tiña moitas

iniciativas. Foi esta mesma persoa quen creou o grupo de teatro que nun principio contaba con poucos participantes pero o longo dos anos entre uns que se ían e outros que entraban contamos neste momento con dezanove participantes.

Normalmente as actuacións que fixemos foron en Nadal, por considerar que era o momento máis idóneo para todos, aínda que no ano 2004 fixemos una actuación en Setembro na honra dos nosos maiores. Así entre as actuacións levadas a cabo nas diversas actuacións fixemos entre outras as seguintes representacións.

1. OBRAS DE TEATRO:

- Bon Nadal.
- A chegada do inspector.
- Tía Lambida.
- O Estebiño.
- Na consulta do médico.
- A Florencia e a Hermosinda.
- O catecismo do labrego.
- Os falabaratos.
- As tres lacazanas.
- O vellos non debe namorarse.
- O virus informático.
- A Santurrona.

2. PLAYBAGS.

- Azúcar Moreno.
- Pimpinela.
- Chayanne.
- Camela.
- Rafael.
- Lola Flores.
- Raúl.
- Las supremas de Móstoles.
- Kim África.
- Isabel.
- Operación triunfo.
- Eurovisión o longo dos anos.

.....

3. **CONTOS DE NADAL.**
Inventados por unha persoa do barrio (Mary Carballido).

- Os Anxos do Ceo.
- A Estrela de Nadal.
- Un desexo para todos.
- Un agasallo por Nadal

.....

4. **OUTRAS ACTUACIÓNS.**

- Noticieiro coas novas do barrio durante do ano.
- Actuacións de membros da banda de música de Xinzo.
- Desfiles de moda.
- Baile galego por parte das participantes.

- Varias sorpresas dos participantes.
- Actuacións de baile moderno.

.....

5. **SORTEO CADA ANO DUNHA CESTA CON PRODUCTOS TÍPICOS DO NADAL OU DUN XAMÓN.**

Neste ano 2011 , o día 9 de xaneiro fixemos a actuación correspondinte o Nadal 2010. Dito festifal foi presentado por Carlos e Noelia e as actuacións que se levaron a cabo foron:



1º. **OBRA DE TEATRO. "O VIRUS INFORMÁTICO.**

Constaba de cinco partes e formaban parte dela 13 personaxes:

- . 1 locutora de televisión: Eva.
- . 1 banqueiro: Piño.

- . 1 caixeiro automático; Montse.
- . 4 pobres: Mary, Lucía, Olga e Lito.
- . 1 capitán: Caty.
- . 1 sarxento: Noelia.
- . 1 político: Montse.
- . 1 axudante ou secretario. Belén.
- . 2 Técnicos: Belén e Noelia.


O argumento desta obra resumirase no que será o aviso na televisión dun novo virus informático. Despois dese comunicado conecta con diversos ambientes para ver o efecto do virus.

Nunha segunda escea a televisión amosa un banco. A desesperación do banqueiro, o caixeiro automático reparte diñeiro aos pobres aínda sen ningún tipo de tarxeta, polo que o banqueiro, temendo a súa ruína, vese obrigado a pedir axuda aos técnicos.

Nunha terceira escea aparece o despacho dun cartel militar. Un sarxento con gran apuro intenta informar ao seu capitán de que os misiles deixan caer roupa, xoguetes, comida,... o capitán angustiada ante o fin da guerra, solicita a axuda dos técnicos que revisen as máquinas.

Nunha cuarta escea aparece un político que fai a súa assemblea.

Lendo o texto que lle facilita o secretario comeza a prometer cousas insólitas: perdón as deudas aos países pobres, facilitar a inmigración, salvaguardar os bosques,... Estupefato comproba que el e o seu partido nunca dixeran iso, enfurecese co secretario e este intenta explicar que él o fixo ben pero que o ordenador non obedecía e escribía o que quería. O Político, abrumado polas promesas que fixo públicas require a asistencia inmediata dos técnicos para que arranxen o ordenador.



Na última escea, con todos os personaxes presentes, os técnicos aseguran que o caixeiro, os misiles, o ordenador,... todo está ben. Ante esta noticia só se lles ocorre pensar en que quizás estivera todo na contraseña utilizada, chegando a conclusión de que sempre fora

24.12.2010 polo que sempre obtiñan a mesma sintonía (un dos técnicos toca unhas notas de "Noite de Paz". Así os técnicos diagnostican que en vista de que os homes non aprenden e aínda que din moitas cousas non as compren, as máquinas quixeron darlle unha lección.

2º. "O MAGO".

Como todos os anos non ían faltar as sorpresas, esta é interpretada e inventada por: Lito, Diego, Iván, Carlos e Piño.

3º. ANUNCIO PUBLICITARIO "OS MUÍÑOS DE COUSO".

Trátase dun spot publicitario sobre os nosos muíños, onde a presentadora (Belén) vai explicando que se pode facer nos muíños e van pasando os personaxes a representalo.

- . Pastar os animais: Lucía, Mary e Olga.
- . Parella de namorados. Pablo e Eva.
- . Deportista. Iván.
- . Muller que escapa do estrés: Montse.
- . Home só que ven descansar: Carlos.
- . Fulana: Montse.

4º. CONTO "A ESTRELA DE NADAL".

Un ano máis Mary inventa un conto, onde fai partícipes os máis cativos do barrio.

O argumento deste conto resumirase en que un neno no día de Noiteboa saíu a contar estrelas e pasoulle un cousa moi rara por diante dos ollos, él non se decataba pero era a Estrela de Nadal que está no ceo para cumprirnos todos os nosos desexos.

Os participante deste conto forón: Lucía Álvarez, Caty e as mamás coas súas fillas/os (Beza, Mary, Lucía Novoa, Victoria, Nahír, Rosa, Leticia, Anabel, Nicolás, Lucía Freiría, Carla e Eva).



5º. "JUAN PEQUEÑO BAILA".

Canción infantil cantada e bailada polos máis cativos do barrio: Lucía

Alvárez, Nicolás, Carla, Leticia, Nahír, Lucía Novoa e Beza.

6º. OBRA DE TEATRO. "A SANTURRONA"

Constaba de 3 partes e formaban parte dela cinco personaxes:

. 4 mozas: Belén (Sandra), Piño, Pablo e Noelia.

. Un mozo: o bacteriólogo (Diego).

O argumento desta obra resumírase co que sería unha primeira escea onde as mozas están no pobo xogando mentres os mozos doutra banda lle votan piropos. Tres mozas empezan a falar sobre os mozos pero a Sandra non lle interesa o tema e prefírese estudar.


Nunha segunda escea, pasaron cinco anos, as mozas xa medraron e son unhas señoritas que se atopan e empezan a falar dos seus noivos pero chega Sandra que segue estudando e está moi contenta porque lle deron unha beca. As outras ríñense dela porque segue sen mozo.

Na última escena, cinco anos despois: Na consulta do médico atópanse as tres mozas embarazadas, onde falan do desgraciadas que son nos seus matrimonios: teñen que traballar na veiga, coidar as vacas, limpar a

casa,... Cando ven chegar un mozo que elas pensan que é o médico póñense moi contentas polo guapo e amable que é, pero tal é a sorpresa cando él lles di que non é o médico, que é bacteriólogo, o médico é a súa muller e entra Sandra; quedando as tres coa boca aberta. Pois as cousas non son como empezan senon como rematan.

7º. WAKA WAKA

Uns mozos de Mondariz e Ganade (Andrés, Fernando, Antonio e Cesar) interpretaronnos o Waka - Waka dos Tonechos.



8º. MARTA SÁNCHEZ E CARLOS BAUTE.

Unha locutora (Belén) realiza unha entrevista a Marta Sánchez (Diego) e Carlos Baute (Lito). Despois da entrevista cantan,

bailan e interpretan a súa actuación.

9º. NOTICIEIRO.

Como non podía faltar temos no noso festival o noticieiro coas boas novas do pobo. Presentado e realizado por Piño.



10º. EUROVISIÓN.

Como última actuación no festival temos a gala de Eurovisión, (presentada por Caty) con esta gala o que pretendíamos era facer un repaso do paso de España por Eurovisión desde que comezou no ano 1961 (1º ano no que participou España). Eleximos aqueles cantantes que por facelo ben ou por facelo mal destacaron neste concurso, ademais que foron elexidos por ser os máis coñecidos.

Así as actuacións representadas foron:

. Massiel: "lalala,.." ano 1968. Interpretada por Noelia Boente.

. Salomé. "Vivo cantando" ano 1969. Interpretada por Eva Álvarez.

. Karina. "El baúl de los recuerdos" ano 1971. Interpretada por Lucía Álvarez.

. Peret. "Canta y sé feliz" ano 1974. Interpretada por Angel Bargiela (Lito).

. Miki. "Enséñame a cantar" ano 1977. Interpretada por Olga Bargiela.

. Remedios Amaya. "Quién maneja mi barca". Ano 1983. Interpretada por Montse Groba.

. Paloma San Basilio. "La fiesta terminó". Ano 1985. Interpretada por Belén Groba.

. Azúcar Moreno: "Bandido". Ano 1990 Interpretada por Diego Álvarez e xosé Giráldez (Piño).


. Rodolfo chiquilicuatre: "El chiqui-chiqui". Ano 2008. Interpretada por Mary Carballido e as cativas (Carla, Lucía, Beza e Nicolas).

Como peche da gala e remate do festival temos a interpretación da canción "la Ramona" onde saímos

todos os participantes no festival a bailar.

Xa por último como todos os anos durante o festival venderonse rifas e fíxose o sorteo dun xamón.

Nos como grupo de teatro pensamos que este tipo de actividades que levamos a cabo axudan a desenvolver a imaxinación, a creatividade, a expresión,... e mellora e estreita as relación da asociación e do grupo entre sí. É por iso que neste ano 2011 decidimos non deixar só para o NADAL este tipo de actividade senon que ir facendo e ensaiando ó longo do ano. Así mesmo queremos dar un paso máis e saír a facer actuacións a outras asociación, temos xa previstas moi próximamente:



... DÍA 1 DE MAIO: ACTUACIÓN NA CASA CULTURAL DE CANS.

... DÍA 17 DE MAIO: ACTUACIÓN NA CASA CULTURAL DE GULÁNS.


Esperamos ver a todos os vecinos/as nestes días e que o grupo de teatro siga así animado e facendo máis actuacións.

Caty




FESTA DO POTE 2.011

Un ano máis (e non sei xa cantos van) a Asociación Cultural Sanmartiño de Couso volveu a Organizar, como é costume o día 19 de marzo a popular Festa do Pote. A xornada escomenzou as 8 da mañá cos preparativos previos para poñer os potes enriba da fornalleira, e as potas enriba do butano. Do primeiro encargouse Miguel e os axudantes e do segundo fixose cargo Olga e as súas colaboradoras. Como a media mañá o personal xa soe ter algo de lareca, Carballido trouxo unha cacheira para que se preparara para o almuerzo, por certo, quixeronna comer con grelos, e houbo que ir a buscarllos ou mellor dito a rebuscarllos(porque a maioría estaban xa grelados) a Cortella de Fernando. Despois nunha mesa o lado do galpon da Comunidade de Montes uns cantos comensales degustaron o manxar. Xa cos potes destilando augardente, chegou o xantar a base de carne o caldeiro con patacas, doces, cafés e licores. Despois dunha repousada sobremesa o que mais e o que menos para facer dixestión, apuntouse os xogos populares, houbo carreira de sacos, saltar a corda, a chave etc. A media tarde, e xa coa xente moi animada, Cati preparou a tradicional queimada no pote de barro e aínda que nadie se animou a decir o conxuro, o certo e que case que todo o mundo se animou a beber do brebaxe.



Xa a noite para acabar a festa, mentras uns ceaban os restos da mediodia outros xobagan e saltaban a corda.

E como case sempre que se fai unha festa, unha vez acabada esta, houbo que facer o que non gusta nada **¡Houbo que recoller!**



O desexo para o vindeira festa do pote e que os asistentes se mostren tan participativos coma este ano e que todos xuntos volvamos a pasar un bo día


Pablo Carballido

Actividades realizadas



O domingo, 28 de febreiro, arranxouse o sendeiro á altura da fonte do Souto e colocáronse as papeleiras nas muíños.

O sábado, 13 de marzo, celebrouse a Festa do Pote.



O sábado, 17 de abril, Piño impartiu unha charla sobre seguridade vial.




O domingo, 9 de maio, celebrouse a inauguración dos muíños para a parroquia de Guláns, coa actuación das pandereteiras de Cans, fornada de pan, churrasco, os muíños a funcionar, exposición sobre o sendeiro novo, no muíño Novo; sobre plantas medicinais, no muíño Vello; o muíño do Pontillón ambientado como a principios do século XX; e exposición de fotos da reconstrución dos muíños, no muíño de Arriba.

O luns, 17 de maio, celebrouse o Día das Letras Galegas, adicado a Uxío Novoneyra, o poeta do Caurel.



O 10 de xullo inaugurouse a Ruta polos Montes de San Cibrán, PRG-132. O percorrido ten 12,83 km, desde Cans a San Xurxo, aínda que pode alongarse ata os 21,5 km facendo a volta polo Sendeiro das Greas.



O sábado, 18 de setembro, celebrouse a IV mallada, na Pedra de Lourenzo, coa actuación de gateiros de Entenza, a homenaxe aos maiores e elaboración de tortilla xigante.



O sábado, 13 de novembro, celebrouse San Martiño, no torreiro de San Martiño, con boa música, castañas e moita xente.